

A familia Araújo

José Araújo Pérez deixou Mourente para mudarse a Vigo na década de 1870. Conta a súa neta, Mucha Castro Araújo, que a casa matriz da Bouza lindaba coa igrexa e o pai do seu avó tiña tan boa relación co cura que afastou o fillo para sempre da relixión:

“O avó non era amigo de curas porque cando era pequeno vía que o seu pai era moi pro-igrexas e, porén, á súa nai escatimábanlle os céntimos. El fixábase niso e non lle gustaba”.

Mucha Castro, sobriña de Pepe Araújo

O que non sabe ben a neta é se foi a Vigo facer a mili e logo quedou a traballar, ou se xa marchou directamente para traballar, aproveitando que tras o casamento o seu irmán vivía na zona de Santa Cristina. O que si lle contaron foi que non se instalou na súa casa senón que alugou cuarto na pensión que rexentaba a familia da que logo sería a súa muller, Carmen Pérez Lago.

Chegaron a ter dezanove criaturas aínda que só doce alcanzaron a idade adulta. Cando naceran a metade, José Araújo mercou na esquina de Vázquez Varela con Urzáiz unha casa que axiña tivo que ampliar cun cuarto piso para dar cabida ao aumento da familia e, de paso, dar acubillo ao grupo que, da man de Pablo



Iglesias, levou o socialismo a Vigo. Por esa casa desfilaron a compañeira do propio Iglesias, Amparo Meliá, tras quedar viúva del en 1925, ou personalidades como Heraclio Botana e a súa muller, Juana Rodríguez. Tamén Emilio Osorio, Eugenio Arbones ou Emilio Martínez Garrido, alcalde no momento do golpe de Estado de 1936. Daquela José Araújo xa morrera, pero o primeiro dos seus fillos varóns, que se chamaba exactamente igual que el e tiña as titulacións de aparelador, perito industrial e perito electricista, non só quedara ao cargo da empresa familiar, senón que tamén herdara un compromiso político que o levou a militar no partido do que o seu propio pai fora fundador.

Por iso, cando a cidade caeu en mans dos golpistas, non tardaron en entrar á forza na casa dos Araújo e levar presos con Pepe ao resto de mozos alí reunidos, incluído outro veciño de Mourente: Jesús Rodríguez Cortegoso, o Gardavías. Pouco lles importou que o Gardavías non tivera relación algunha coa política senón unha simple amizade co dono forxada en Mourente, onde a familia Araújo seguiu veraneando durante décadas.

Con eles dous detiveron o irmán de Pepe, Pablo Araújo Pérez; a Fernando Martínez Ronda, fillo de Enrique Martínez Garrido, alcalde de Vigo; e a Enrique Otero Quintela, mozo da filla do alcalde, Pura Martínez.

Con catorce anos, Mucha foi testemuña do arresto pois vivía naquela casa desde que o seu pai e a súa nai se separaran de feito, porque de dereito non era posible, cando tiña tres.

“Aínda que vivía en San Roque coa muller, o meu tío Pepe estaba na nosa casa coas súas irmás e outros amigos cando veu a Policía buscalo. Leváronos a todos. A el, ao meu tío Pablo, ao fillo do alcalde que era moi amigo, ao mozo da filla e a Jesús o Gardavías, que era coma un máis na casa. Era da idade dos meus tíos, vinte e poucos anos, e ía case todos os días porque como as miñas tías estaban de loito polos avós non podían saír e ían as amizades velas”.

Mucha Castro, sobriña de Pepe Araújo

Tamén serían detidas a muller de Emilio, Josefa Ronda, e a súa filla maior, Purita Martínez, ademais da esposa de Pepe Araújo, Pilar Alonso, que tiña unha nena de seis anos, Pilar, e un neno de dous, Pepe.

“Cando detiveron o meu pai, levárona a ela tamén ao cuartel da Garda Civil, que era onde estaba o Cinema Radio. A ela e a Purita Martínez, a filla do alcalde que mataron. Tivéronas alí toda a noite e logo leváronas para o cárcere, onde agora está Marco. No momento que mataron o meu pai, soltáronas. A miña nai non estaba para nada metida en política. Tiña a súa casa e era ao que se dedicaba”.

Pilar Alonso, filla de José Araújo



Pilar Alonso estivo detida dous meses, ata o fusilamento do home, que tivo lugar o 21 de setembro de 1936. Se a memoria de Mucha non a engana, quedou libre xusto dous días despois, o 23, e foi vivir un tempo á casa de Urzáiz, mais axiña se puxo a traballar e alugou un piso, o que non lle impediu manter unha estreita relación, durante toda a súa vida, coa familia política.

Tanto Mucha Castro como Pilar Araújo gardan lembranzas daqueles días tras o golpe:

“Disparaban desde a casa da Peineta, que estaba preto da do avó, na esquina da rúa Lepanto, a que vai para a estación. Cando soaba a sirena tiñamos que pechar as fiestras, porque eran simulacros por se viña a aviación. Había que pechar as contras e poñer papeis nos cristais para evitar que rompesen. E como estábamos en fronte da estación, tamén nolas pechaban para que non miráramos chegar os feridos. Chegaban nos trens e deixábanos alí na estación ata que os ían levando. Eu tiña seis anos, e o meu irmán era un bebé de dous”.

Pilar Alonso, filla de Pepe Araújo

“As servas de Jesús, as monxas, ían de noite axudar os enfermos (...) A Falange buscaba sitios desde onde disparar. Foi un desastre. Tamén na Porta do Sol... A xente trataba de recollerse na súa casa. Disparaban de moitos sitios e mamá e as tías non nos deixaban saír da casa”.

Mucha Castro, sobriña de Pepe Araújo

O asasinato de José Araújo e a detención do seu irmán Pablo foron só o primeiro golpe dado contra unha familia que tamén foi moi represaliada economicamente. Logo de prender a Pilar e Pepe, desvalixáronlles a casa e leváronlles o contido da librería e outros obxectos de valor. A nena e o bebé foron vivir coas tías pero, despois de saír do cárcere, a súa nai axiña buscou a fórmula de mantelos de xeito independente.

Era profesora de bordado da Singer. De feito, coñecera a Pepe cando fora facer un curso para a empresa das máquinas de coser á Cañiza, concello no que veraneaba a familia Araújo para intentar paliar co aire puro das zonas altas a afección nos bronquios que padecían varios dos seus membros. Tamén o seu fillo pequeno, José, foi sempre un neno moi delicado de saúde, o que engadiu o custo da penicilina e alimentos especiais ao esforzo de sacar a familia adiante.

“Cando quedou viúva, a miña nai fixo moitas cousas: primeiro facía punto para fóra, pero iso non daba para manter dous nenos. Logo foi cando puxeron na Ribeira uns postos reguladores de peixe e, como un curmán dela de Tui (porque a miña nai era de Tui), tiña barcos, déronlle un cupo pero, como o peixe non era barato, a xente xa non o mercaba e deunos a vida que as mulleres da aldea dábanlle pan de millo e, con iso e o peixe, fame non pasabamos”.

Pilar Alonso, filla de Pepe Araújo



Descartada a venda de peixe, Pilar foi na procura doutras fontes de ingresos:

“Tivo que buscar outro traballo e entón colleu na rúa Progreso a casa de roupa Sánchez. O comercio tiña unha alzadeira por riba e aí tiñamos as camas para durmir. E ao lado había un cuarto que facía ás veces de cociña. Pero nos anos 40 houbo moita carestía e a xente, aínda que tivese cartos, non tiña que mercar. A tenda estaba desabastecida e mamá puxo unha chacinaria na rúa Real. Moito tivo que loitar! Porque o meu irmán padecía dos bronquios e sempre estaba enfermo. Calquera doenza nova que aparecía, tíña el. Mamá puxo a chacinaria uns anos e logo fíxose exportadora de peixe. Fixo de todo para sacarnos adiante soa, porque nunca volveu casar. O meu irmán sempre estaba enfermo. Lembro cando apareceu a penicilina, que para utilizala había que poñela de catro en catro horas e conservala en xeo para que non se estragase. Mercábase de estraperlo e lembro ir coa miña nai a unha casa da Alameda a mercar penicilina para o meu irmán. E fóralle moi ben.”

Pilar Alonso, filla de Pepe Araújo

As doenzas do pequeno obrigárono a fuxir da humidade do mar, próximo ao piso da súa nai. Así que pasaba o día alí pero durmía na casa de Urzáiz coas tías. Nin el nin a súa irmá perderon nunca a relación coa familia do pai furtado polo fascismo nin renunciaron á educación.

Pilar Araújo empezou a ir ás aulas cun mestre, apelidado Gallego, que tras ser depurado polo réxime puxo unha pasantía particular para alumnado sen demasiados medios, ao que non lle cobraba e, tras o paso por unha escola preto da súa casa de Alfonso XIII, deu clases particulares coa súa prima Mucha antes de pasar ao instituto, onde agora é a Escola de Artes e Oficios. A diferenza doutras nenas na mesma situación, asegura que nunca tivo problemas por ser a filla dun fusilado: “É máis, o secretario do instituto tamén era desas ideas e conseguíume algunha vez a matrícula de balde”.

Tampouco o resto da familia Araújo tivo as cousas doadas, pois foi vítima dunha terrible represión económica.

“Cargáronlle ao meu tío Pepe a débeda dunha edificación, que non era tal, e as súas irmás tiveron que pagala. Eran propietarias dun coche que estaba no garaxe e foron os de Falanxe buscalo, levárono polas boas e quedaron sen el. E o meu tío Manolo, que non estivo preso porque estaba cumprindo o servizo militar e xa vivía coa muller na Coruña, avalara con Pepe a panadería coa herdanza do avó e tamén quedou sen ela”.

Mucha Castro, sobriña de Pepe Araújo

Ao abeiro da fundación do Partido Socialista, puxérase en marcha nos baixos da Casa do Pobo unha cooperativa para a fabricación de pan, pero desfíxose antes da proclamación da II República e quedou a cargo do negocio Antonio Vidal, que estaba casado con Maruja, a maior das irmás Araújo, e era concelleiro socialista en Vigo. Como aval do negocio puxeron a finca onde o matrimonio tiña o seu



chalé, así como a herdanza de Pepe e Manolo. Funcionaba ben pero cando se produce o golpe de Estado acababan de chegar á estación de Vigo dous vagóns de fariña, que tras a toma do Concello, os golpistas incautaron para o exército, deixando os donos da panificadora cunha importante débeda coa fábrica subministradora. Era imposible de asumir pois ademais desmantelaron o negocio, incautando moita maquinaria e, para non acabar fusilado como o seu cuñado, Antonio Vidal marchou agochado nun bocoi de viño á casa da súa nai, no Concello de Vilaboa.

Os Araújo perdérono todo:

“A miña familia perdeuno todo. O intermediario, o que lle vendía a fariña, que era moi amigo dos que fabricaban a fariña en Castela, fíxose cargo de todo o que tiña que pagar, e quedou coa finca e un chalé que había dentro, onde vivía Antonio coa muller e os fillos. Era un chalé de planta baixa cunha finca moi grande. Vivimos unha represión económica terrible. A miña nai e os seus irmáns eran herdeiros da casa de Urzáiz, así como doutra do lado, a primeira de Vázquez Varela, e tiveron que vender a casa onde viviamos”.

Mucha Castro, sobriña de Pepe Araújo

Era o tempo da fame e era máis fácil loitar contra ela desde a aldea que no centro da cidade, así que a familia de Mucha seguiu os pasos de Maruja, que marchara para a casa da súa sogra, e como fixera ela, foi vivir á parroquia de Paredes, en Vilaboa:

“Na guerra non había nada que comer, todo era para o exército. As patacas estaban carísimas, estaba carísimo todo, o aceite... e como a tía Maruja estaba vivindo en Paredes, convenceron a miña nai e as súas irmás para que fósemos para alí, porque alí podíamos alimentarnos mellor que aquí en Vigo. Daquela xa venderan a casa e estabamos vivindo de alugueiro no mesmo piso, así que marchamos vivir a aldea”.

Mucha Castro, sobriña de Pepe Araújo

Foi un gran cambio para unha rapaza de quince anos, que cumpriu en Paredes os dezaseis e os dezasete:

“Pasamos de vivir en Vigo nunha casa que tiña todas as comodidades porque era unha moderna para aquela época e tiña auga quente, calefacción, teléfono... a unha casa onde non tiñamos auga corrente. Tiña un soto, un baixo e un piso, con finca, pero non tiñamos auga e tiñamos que abastecernos indo a coller auga á fonte. Estabamos todo o día carrexando auga para a casa porque eramos toda a familia, doce persoas alí... pero alí polos menos tiñas horta”.

Mucha Castro, sobriña de Pepe Araújo

A casa estaba preto de onde a señora Leonor, Leonor Vilas, tiña a tenda e a casa familiar onde ela e a súa filla Matilde fixeron un agocho para meter a Antonio. Foi así como o seu fillo logrou sobrevivir, aínda que sempre estivo moi perseguido



polo seu permanente compromiso coa resistencia antifranquista, que o levou a militar na clandestinidade na Coruña. Detivérono varias veces, sufriu malleiras e acabou no exilio.

Aínda que Pablo resultou absolto na causa que levou o seu irmán ao paredón, segundo a súa familia sufriu posteriores condenas que o mantiveron preso oito anos, parte dos cales pasounos nun batallón de traballos forzados da Lama.

“Lembro que as miñas tías foron visitar a Pablo cando estivo preso. Lucita era moi enferma, case non podía camiñar, sempre estaba sentada, sempre, e nunha ocasión que o foron visitar, levárona a ela sentadiña nunha cadeira”.

Pilar Alonso, filla de Pepe Araújo

A pesar do pequena que era cando quedou orfa, a filla de Pepe Araújo atesoura moitas lembranzas do vivido e tamén do escoitado á súa nai:

“Falaba moito do meu pai. Había silencio de portas para fóra pero na casa si falaba. E nós sempre entendemos que papá non fixera nada malo. Sempre o soubemos. Aquilo era unha cousa que non se falaba con ninguén pero na familia, si... El nunca renunciou ás súas ideas, o mesmo se renunciase non o matarían pero eu penso que si, que igualmente non se salvaría”.

Pilar Alonso, filla de Pepe Araújo

Con dezasete anos, Pilar presentouse a unhas oposicións de Telefónica e, un ano despois, empezou a traballar na compañía na que xa estaban empregadas tanto a súa prima Mucha como a irmá desta, Isabelita, que a aprobaran en 1941.

“Estiven un ano de meritoria porque en 1940 foi cando se puideron establecer as comunicacións en toda España, que antes eran dúas zonas e non había liñas directas. Daquela mesmo os abonados de Vigo tiñan que chamar á Telefónica para falar entre eles. Non ten nada que ver a comunicación actual coa de entón”.

Mucha Castro, sobriña de Pepe Araújo

Mucha empezara a exercer alí grazas á mediación da súa tía paterna, Isabel Castro, que xa era parte do equipo e estaba moi ben recoñecida pola xefatura. Pero para logralo tiveron que mediar por ela ante o gobernador o seu avó e outro tío paterno, xa que a súa pertenza á familia Araújo, tan fondamente represaliada, dificultoulle o ingreso.

“Logo da guerra, no ano 40, déronlle prioridade a familiares das persoas de quen traballaba nese momento en Telefónica, e como eu tiña unha tía que estaba moi considerada polos xefes, nós ingresamos, que se non non poderíamos entrar, porque ademais os Araújo estábamos marcados tanto que algunhas veciñas estaban moi estrañadas de que eu puidese entrar”.

Mucha Castro, sobriña de Pepe Araújo



A súa nai quería que Pilar Araújo estudase Farmacia pero non había cartos e por iso se empregou na compañía telefónica ata que casou, para volver reingresar logo, tras a temperá viuvez.

“Foi a nosa salvación. O soldo non era moi grande pero mamá cosía para fóra e facía punto, e iamos apañándonos. A ela non se lle puña nada por diante. Ela nunca cosera, nunca fixera corte e confección, non sabía, pero ela meteuse e fíxoo. Meteuse a facer de todo para criarnos e criounos ben”.

Pilar Alonso, filla de Pepe Araújo

Tamén Mucha Araújo quixo seguir estudando pero non puido ser. O golpe cambiou por completo a súa vida:

“Nunca falei ata agora de todo isto que pasou. É a primeira vez que falo. Foi un temor e foi un calar por completo porque eu aos catorce anos ía ao instituto, levabamos tres anos no instituto de Vigo a miña irmá e mais eu, estabamos alí estudando e tiña as miñas amigas e, de súpeto, vímonos afastadas totalmente porque de súpeto nós xa non eramos persoas, eramos rojas, e xa non tiñamos contacto con ninguén”.

Na súa casa si imperou o silencio:

“Non falabamos disto. Nunca, desde que comezou a guerra. De falar nada, nin da guerra nin do que lle pasara ao tío nin do que lle pasara a toda a familia, de nada diso. Calados totalmente, totalmente”.

Mucha Castro, sobriña de Pepe Araújo